

**COMPLEMENTOS PARA CATEGORÍAS FUNCIONALES**

Director: 6.000 euros

Vicedirector: 3.220,88 euros

Jefe de Estudios: 3.220,88 euros

Jefe de Departamento: 3.220,88 euros

Secretario: 3.220,88 euros

1116-x

**XUNTA DE GALICIA**

Consellería de Traballo

Delegación Provincial da Coruña

Servicio: Relacións Laborais

**ANUNCIO**

*Asunto: revisión salarial do convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais*

Visto o expediente da revisión salarial do convenio colectivo do sector de LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA, que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 23.01.06, e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 20.01.06, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

**ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Ordena-la súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

**SEGUNDO.-** Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

**TERCEIRO.-** Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

A Coruña, 27 de xaneiro de 2006

A DELEGADA PROVINCIAL, Asdo: María Debén Alfonso

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA PROVINCIA DE A CORUÑA.**

En A Coruña, nos locais da Confederación de Empresarios, sendo as 17:30 horas do día 20 de xaneiro de 2006, reúnen en representación da Parte Empresarial, Don Jesús GÓMEZ VÁZQUEZ, Don Arsenio MEZQUIRIZ ANDRADE e Don Ramón SALGADO FUENTES, da Asociación Provincial de Empresas de Limpeza, e Don Ubaldo PÉREZ RODRIGUEZ, e Don J. Félix VALDERREY DE LA HUERGA, de ASPEL, e en representación da Parte Social, Don Alfredo SANTOMIL GARCÍA (CIG), Don Luis SOTO SABIO (CIG), Don Gabriel ACITORES LOPEZ (UGT), Dona Carmen NOVOA VILLAR (CCOO) e Don Juan M. IGLESIAS DIAZ (CCOO), todos/todas eles/elas como membros da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo Provincial de A Coruña para as empresas de Limpeza de Edificios e Locais, regulada no artigo 6º do citado convenio.

O obxectivo desta xunta é o de procederá revisión das táboas salariais para o ano 2006, en aplicación do artigo 5º do Convenio Colectivo de Limpeza de Edificios e Locais, que regula a prórroga do mesmo.

Inicialmente procédese a realizar a revisión salarial que establece o artigo 28º polo exceso do IPC de 2005. As táboas salariais resultantes servirán de base para a confección das táboas salariais para o 2006.

A continuación aplícase a subida salarial para o ano 2006 de acordo co establecido no citado artigo 5º. A táboa salarial resultante é a que figura como Anexo I desta acta.

O Complemento de Antigüidade Consolidada de aqueles traballadores/as que o tiveran recoñecido, de acordo co establecido no artigo 18º, será revisado no 3,7 % para o ano 2006.

O importe mínimo das dietas establecidas no artigo 26º, para o ano 2006, quedarán do seguinte xeito:

- cando se teña que comer e pernoctar fora da casa: 40,77 euros.

- cando se realicen as dúas comidas principais fora do domicilio: 24,46 euros.

- cando se realice unha soa comida: 13,68 euros.

Acórdase convocar as partes, empresarial e social, para una reunión a efectos de constituir a Comisión Negociadora do Convenio colectivo do ano 2007, o vindeiro día 6 de marzo (luns), ás 10:30 h., do presente ano.

Facúltase a Don Luis SOTO SABIO, para que proceda a realizar os trámites oportunos diante da Delegación Provincial da Consellería de Traballo para o rexistro e posterior publicación da presente acta.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a reunión sendo as 18:30 horas do día do encabezamento, asinando tódolos presentes en proba de acordo e conformidade.

	EUROS	
	Salarios Base 2006	
	Mensual	Anual
<b>Administrativos</b>		
Xefe/a de Primeira	1.171,74 euros	17.576,11 euros
Xefe/a de Segunda	1.127,05 euros	16.905,77 euros
Caixeiro/a	1.100,07 euros	16.501,06 euros
Oficial de Primeira	1.059,56 euros	15.893,43 euros
Oficial de Segunda	943,91 euros	14.157,17 euros
Auxiliar	862,86 euros	12.942,88 euros
Telefonista	838,02 euros	12.570,25 euros
Cobrador/a	838,02 euros	12.570,25 euros
<b>Mandos Intermedios</b>		
Encargado/a Xeral	1.088,93 euros	16.333,97 euros
Encargado/a de Zona	1.010,98 euros	15.164,63 euros
Encargado/a de Sector	969,08 euros	14.536,15 euros
<b>Subalternos/as</b>		
Ordenanza	781,96 euros	11.729,40 euros
Almaceneiro/a	767,23 euros	11.508,40 euros
Mozola de Recados	616,15 euros	9.242,19 euros
<b>Persoal de Limpeza</b>		
Encargado/a	832,98 euros	12.494,68 euros
Responsable de Equipo	792,23 euros	11.883,47 euros
Especialista	901,43 euros	13.521,52 euros
Conductor/a-Limpador/a	944,68 euros	14.170,20 euros
Peón Especialista	799,91 euros	11.998,61 euros
Peón	779,82 euros	11.697,32 euros
Limpador/a	779,82 euros	11.697,32 euros
<b>Plus de Asistencia</b>		
Plus de Asistencia	58,52 euros	702,26 euros
<b>Plus de Transporte</b>		
Plus de Transporte	58,17 euros	698,09 euros

Os conceptos económicos que figuran na presente táboa supoñen unha suba económica do 6% sobre os vixentes no ano 2005.

1117-x